

## ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS E RECOMENDACIÓNS PARA COMEZAR O CURSO 2024/25

Estimadas familias:

Esperamos que gozasen do descanso e as vacacións. Chega o momento de reunirmos novamente para embarcarnos nun novo curso. O comezo dun novo ano escolar trae consigo a promesa de novos proxectos, novas metas e novas experiencias que enriquecerán as Vdas dos nosos alumnos e alumnas.

Ao longo do curso, comprometémonos a ofrecer unha educación de calidade, cun enfoque integral que non só desenvolva habilidades académicas, senón tamén valores como a empatía, o respecto e a responsabilidade. Promoveremos un ambiente inclusivo e estimulante, onde cada estudante se sinta seguro/a, valorado/a e motivado/a a dar o mellor de si mesmo.

Queremos tamén lembrarlles que as nosas portas sempre estarán abertas para vostedes. A súa participación activa na vida escolar é moi importante. Xuntos podemos facer deste ano unha experiencia enriquecedora e memorable para os seus fillos e fillas.

De cara aos primeiros días de clase e, para que o teñamos moi presente todo o curso, comentamos algunhas cuestións importantes, especialmente referidas a entradase saídas do noso alumnado.

- APP ABALARmóbil: LEMBRAR QUE É NECESARIO DESCARGAR A APLICACIÓN ABALAR MÓBIL. OS DOUS PROXENITORES. DEBEN DESCARGAR A APLICACIÓN E INTENTAR ACTIVALA CADA UN NO SEU MÓBIL. EN CASO DE QUE NON POIDAN FACELO DEBEN DIRIXIRSE Á SECRETARÍA E SOLICITAR A AXUDA PARA RESOLVER O PROBLEMA (NA MAIORÍA DOS CASOS DÉBESE A QUE NON TEÑAMOS EN XADE CARGADOS OS TELÉFONOS DOS DOUS PROXENITORES, SEMPRE QUE SEA O CASO DE QUE

TEÑAN OS DOUS O DEREITO A RECIBIR INFORMACIÓN DOS SEUS FILLOS/AS).

- ENTRADAS AO CENTRO CON ALUMNOS/AS: CANDO UN ALUMNO OU ALUMNA CHEGUE AO CENTRO UNHA VEZ INICIADA A XORNADA LECTIVA (AS CLASES) AS FAMILIAS NON PODEN ENTRAR ÁS AULAS, DEBERÁN DIRIXIRSE A SECRETARÍA PARA COMUNICAR O RETRASO E DEIXARÁN IR SO/SOA AO RAPAZ/A OU ALGUÉN DO E.D. OU A ADMINISTRATIVA O ACOMPAÑARÁ Á SÚA CLASE.
- RECOLLIDA DE ALUMNADO DENTRO DO HORARIO LECTIVO: TEÑEN QUE DIRIXIRSE Á SECRETARÍA, ASINAR NO LIBRO DE REXISTRO DE SAÍDAS E, ALGUÉN DO EQUIPO DIRECTIVO OU A ADMINISTRATIVA O IRÁN A BUSCAR A CLASE PARA ENTREGARLLO/A Á PERSOA QUE O VEN BUSCAR. É MOI LEMBRAR QUE SÓ, ÚNICA E EXCLUSIVAMENTE, PODERÁN RECOLLER ALUMNADO NO CENTRO AQUELAS PERSOAS AUTORIZADAS POLOS SEUS PROXENITORES (É MOI IMPORTANTE QUE INCLUAN NA LISTA DE AUTORIZACIÓNS A TODAS AS PERSOAS QUE POIDAN TER QUE DESEMPEÑAR ESA TAREFA, A FIN DE EVITAR SITUACIÓNS COMPROMETIDAS OU DE RISCO DE NON CUMPRIR CO DEBER DE CUSTODIA DOS MENORES QUE RECAE SOBRE NOS UNHA VEZ QUE ENTRAN NO RECINTO ESCOLAR).

## INFORMACIÓN SOBRE OS HORARIOS DO CENTRO (ESTAMOS A FALAR DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA)

**NOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO A XORNADA LECTIVA ABRANGUE DE 9'45 A 14'15 HORAS (TEMOS AUTORIZADA UNHA REDUCCIÓN DE XORNADA LECTIVA PARA O ALUMNADO DE MEDIA HORA, 4'5 HORAS EN LUGAR DAS 5 DA XORNADA LECTIVA ÚNICA DE MAÑÁ, POR MOR DAS DÚAS QUENDAS DE COMEDOR**

O ALUMNADO PODE ENTRAR NO RECINTO ESCOLAR A PARTIRES DAS 9'30 HORAS. ENTRA NO RECINTO E VAI DIRECTAMENTE Á SÚA AULA CORRESPONDENTE, DON DE SERÁN RECIBIDOS E CUSTODIADOS POLOS SEUS TITORES E TITORAS. O PROFESORADO ESPECIALISTA, NESTA FRANXA HORARIA DE 9'30 A 9'45H. ESTARÁ UBICADO NOS DIFERENTES PUNTOS INDICADOS POLA DIRECCIÓN E XEFATURA DE ESTUDIOS (CANCILLAS DE ENTRADA E PUNTOS DE CONTROL DENTRO DO PATIO).

- ✓ ALUMNADO QUE NON FAI USO DO SERVIZO DE TRANSPORTE PARA VIR AO CENTRO: ENTRA POLA CANCILLA PEQUENA QUE ESTÁ ORIENTADA Á RAPEIRA, QUE DEBE SER ABERTA POLO MESTRE/A DE GARDA NESE PUNTO ÁS 9'30H.. O ALUMNADO DE PRIMARIA ENTRA SO NO RECINTO. SOMENTES SE PERMITRÁ O ACCESO DE ADULTOS SI OS PRIMEIROS DIÁS DO CURSO O/A ALUMNO/A TRAE O PESO DO MATERIAL ESCOLAR E PRECISASE AXUDA.

O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL PODE ENTRAR ACOMPAÑADO DE PERSOA ADULTA, QUE O ACOMPAÑARÁ POLA ZONA EXTERIOR DO RECINTO ATA AS ENTRADAS DAS AULAS DE INFANTIL POLO SEU PATIO CUBERTO. A PERSOA ADULTA DEBE ABANDOAR O RECINTO POLO EXTERIOR, NON POLOS CORREDORES INTERIORES NOS QUE ESTARÁ O RESTO DE ALUMNADO E PROFESORADO.

- ✓ ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA CHEGAR AO CENTRO: A EMPRESA QUE PRESTA O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR, BENITO ABALO, TEN O COMPROMISO DE EFECTUAR A CHEGADA AO CENTRO ENTRE AS 9'30 E AS 9'45. O ALUMNADO ENTRA POLA CANCELLA QUE DA AO PAVILLÓN DE DEPORTES. SUBE ACOMPAÑADO ATA A MESMA POLOS/AS ACOMPÑANTES DE BUS O ALUMNADO DE 4º DE INFANTIL A 2º DE PRIMARIA O RESTO DE ALUMNADO SUBE SO . ENTRAN NO RECINTO E VAN ÁS AULAS DIRECTAMENTE.
- ✓ SAÍDA DO ALUMNADO NO MES DE SETEMBRO:  
RECOLLIDA DO **ALUMNADO NON USUARIO DE COMEDOR:** ÁS 14'15H NA CANCELLA DA RAPEIRA. (SAE ACOMPAÑADO DO PROFESORADO CORRESPONDENTE, DE ACORDO COAS QUENDAS QUE SE ESTABLEZAN).  
**ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR:** SAÍDA DE AUTOBUSES EN SETEMBRO E XUÑO AS 15:35.

ESTARÁN NO PATIO OU NAS AULAS, SEGUNDO DETERMINEN AS PERSOAS COLABORADORAS DO COMEDOR ESCOLAR QUE OS CUSTODIEN NESE INTRE, DESDE O REMATE DO XANTAR ATE AS 15'35H, MOMENTO EN QUE OS AUTOBUSES OS VEÑEN A RECOLLER PARA VOLTAR ÁS SÚAS CASAS.

**NO QUE ATINXE AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, O SEU HORARIO, DESDE O 11 DE SETEMBRO É O MESMO PARA TODO O CURSO:**

LUNS E MARTES: DE 9'45 A 14'15 / COMEDOR / DE 15'45 A 17'25.

MÉRCORES A VENRES: DE 9'45 A 15'10 / COMEDOR OU CASA OS QUE NON SEXAN USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR/ SAÍDA DOS BUSES ÁS 15'40 aprox.

Vémonos o mércores, 11 de setembro. Todo o alumnado comeza en horario normal de 9'45 a 14'15 +comedor (15'40h) en primaria, ae ás 15'10 +comedor (ESO)

**PORTAS, 9 DE SETEMBRO DE 2024**

**A DIRECCIÓN DO CPI DOMINGO FONTÁN**